



CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de agosto de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 14 de agosto de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2366

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de agosto de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 14 de agosto de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2367

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 16 de xullo de 2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos Nº 8/2025, transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, someténdose o mesmo a exposición pública por prazo de 15 días, mediante publicación no BOP número 169 de 24 de xullo de 2025. Non presentándose alegacións durante o comentado período, a modificación orzamentaria considerase definitivamente aprobada. En cumprimento do artigo 169 do Texto Refundido da LRFL publícanse resúmenes por capítulos o estado de gastos para o exercicio 2025, tras a modificación orzamentaria sinalada:

CAP. 1.- GASTOS DE PERSOAL	628376,43
CAP. 2.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1478042,82
CAP. 3.- GASTOS FINANCEIROS	2001,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63500,00
CAP. 6.- INVESTIMENTOS REAIS	418625,43
CAP. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAP. 8.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
CAP. 9.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	1,00
SUMA TOTAL	2590546,68

Rábade, 19 de agosto de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2370

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 35/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 15/07/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 35/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con baixas, pola cantidade de **4.819,81** euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.088.807,03	0	6.088.807,03
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.603.982,98	0	5.603.982,98
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	530.886,40	0	530.886,40
5	Fondo de continxencia	230.000,00		230.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.630.923,76	+4.819,81 -4.819,81	4.630.923,76
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.095.931,21		18.095.931,21

ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.175.439,59	0	5.175.439,59
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	2.783.385,03	0	2.783.385,03
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.243,51	0	1.506.243,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.095.931,21	0	18.095.931,21

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 19 de agosto de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2371

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE XULLO DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 18 de agosto de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2368

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 19.08.2025 aprobou a convocatoria e bases para seleccionar a:

- 1 peón para a brigada de extinción de incendios: Salario: 1.381,33 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Modalidade de contratación: contrato temporal.
- Duración: **ata o 22 de outubro ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026**
- Xornada: completa.
- Funcións: as que lles son propias segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **3 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- páxina web: www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 19 de agosto de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2380